

O apelido "Betanzos" en Palmeira

ROSA B. VIZCAYA BETANZOS*

En San Pedro de Palmeira, parroquia pertencente ó municipio de Santa Uxía de Ribeira, na marxe dereita da ría de Arousa, as persoas que hoxe en día levan o apellido Betanzos conservan, clara, a idea de pertencer a unha mesma familia e trátanse de curmáns, áinda que o parentesco sexa en terceiro ou cuarto grado.

Pola situación xeográfica, o porto de Palmeira estivo sempre ben comunicado, mantendo estreitas relacións comerciais con outras vilas da zona.

Os constantes contactos entre ámbalas dúas bandas da ría fan que non sexa estranxo que o apellido Betanzos chegue a finais do século XVIII, procedente da outra beira, concretamente da parroquia de Santa María de Caleiro, en Vilanova de Arousa, onde o apellido que nos ocupa estaba amplamente difundido e que suponño ten a súa orixe na cidade dese nome na provincia da Coruña.

Nestes anos, Palmeira era unha das vilas más importantes da Barbanza Sur, pois, como datos comparativos, en 1774 temos que, mentres o porto palmeirán contaba cunha flota de 80 barcos de pesca, en Ribeira só había 55 (1). Tamén contaba con barcos que comerciaban con Portugal e Andalucía, levando fundamentalmente polbo seco e sardiña salgada, e traendo productos textiles e cerámica. A menor escala tamén existía un comercio coa marxe esquerda da ría de Arousa, concretamente con Vilanova, municipio ao que pertenece a parroquia de Caleiro, e coa que se comerciaba, principalmente con productos de horta; como dato significativo consérvase o alcume de "Repoleiro" nunha familia que veu do concello de Vilanova.

Benito Betanzos González, natural de Vila Maior, en Caleiro, é o antepasado directo de



tódolos palmeiráns que levan o apellido Betanzos. Casado con Manuela Pérez, natural de Palmeira, do lugar do Porto, tiveron un único fillo, que naceu o 7 de Maio de 1787 ó que lle puxeron por nome José Benito.

As fontes consultadas (2) asentan que Benito Betanzos González recibiu sepultura en Palmeira o 28 de xuño de 1789; pero, lamentablemente, non nos informan das causas da morte nin da profesión, indicando só, que morreu sen testar.

O Catastro de Ensenada rexistra en Palmeira, a mediados dese século, 96 mariñeiros e así mesmo, como labradores, a outros 96, dun total de 248 veciños, indicador este de que tamén a actividade agrícola tiña importancia na parroquia, onde a produción de millo destaca sobre a dos outros productos agrícolas (trigo e liño), gracias a que para paliar as secas dos veráns creouse un sistema de regadío que, mediante pequenas presas que aproveitaban os regatos, proporcionaba auga a cada veciño a través dunha regulación de prorratoe que fixaba os días e as horas.

Desde comenzaos do século XIX cando o primeiro Betanzos nacido en Palmeira ten des-

* Rosa B. Vizcaya Betanzos, natural de Palmeira, Santa Uxía de Ribeira, A Coruña, é Licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, especialidade de Historia Contemporánea.

(1) Álvarez Castrelo, José: *Síntesis Histórica de Palmeira: 1600-1850*. Ed. do autor, 1985.

(2) Arquivo Histórico Diocesano, San Pedro de Palmeira. *Difuntos*. Tomo IX (1772-1851).

cendencia, o grupo de pescadores é o maioritario, superando ao de labradores, pero dependendo economicamente dos cataláns (que tamén se instalan en Palmeira a partires dos últimos anos do século anterior), por seren éstes os únicos capaces de comercializa-las capturas, e de poder adquiri-los aparellos de pesca máis modernos e competitivos, en detrimento das vellas artes de pesca dos nativos.

A poboaçón, en xeral, aumenta neste século, ó manterse elevada a natalidade e ó disminuí-la mortalidade, sobre todo a infantil (dato este que se xeraliza para toda Galicia), exemplo desto témolo na familia que nos ocupa, concretamente na formada por José Benito Betanzos Pérez, primeiro con este apellido nacido en Palmeira, e Dominga Rosa Paisal Varela, que contraen matrimonio o día 26 de febreiro de 1813, pois entre 1814 e 1833, teñen 10 fillos, seis varóns e catro mulleres, e só nun caso aparece rexistrada a defunción, ó ano de nacer, dunha das fillas.

A partires dos Betanzos Paisal, o apellido exténdese en distintas ramas, das que son de destacar, por numerosas, a formada por José

María Betanzos Paisal e Teresa Abilleira, que teñen 8 fillos, 5 mulleres e 3 homes, e a formada por Jesús María Betanzos Paisal e Antonia Pérez, que teñen 5 fillos, 4 homes e unha muller, rexistrándose nos libros de bautismo (3) ó longo de todo o século XIX un total de 61 persoas que levan o apellido Betanzos (durante o século XX serán 190 as rexistradas); sendo Manuel Antonio Betanzos Pérez, bautizado o 19 de outubro de 1898, bisneto do primeiro Betanzos nacido en Palmeira o derradeiro deste século en nacer; e curiosamente, leva os mesmos nomes que o seu bisavó, o primeiro nacido no actual, que é José Benito Betanzos Fernández, o 4 de febreiro de 1900.

Na actualidade, o apellido estendeuse desde Palmeira á Pobra do Caramiñal (A Coruña), Celanova (Ourense), e Nova Iorque (U.S.A.), pero con todo, de cada unha da actuais ramas, as últimas xeracións están formadas maioritariamente por mulleres, co que é de supoñer que, ó cabo dos dous séculos que este apellido leva en Palmeira acabe por desaparecer. ♦



(3) Arquivo Histórico Diocesano. *Libros de Bautizados*. Tomos 2, 3 e 4. Arquivo Parroquial. *Libros de Bautizados* de 1840 a 1900.



*ARTE, LITERATURA,
ANTROPOLOXÍA, ...*



O dragón do escudo dos Reimóndez (s. XV) na igrexa de San Francisco de Betanzos.
Fotografía de Alfredo Erias.